

ID#548

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03
Informantes: Generosa (40), Calviño (45) e Celestino (40)
Compiladora: Dorothe Schubarth
Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Generosa:

Nena que estás na ventana
ca punta do pano fóra
retírala para dentro
qu' o pano non m' enamora.

Calviño:

O pano non m' enamora
pódelo quitar d' aí
non te marches da ventana
que quen me ghustas es ti-e.
Ai le lo le lo la...

Generosa:

Ten' o unha tía na Aurada
que lle chaman Manoela,
ela non me quer a min
e ieu non a quer' a i-ela.

Calviño:

Eso non me extraña nada
qu' eu non son chosco tampouco,
esa non é valentía
é un capricho un pró outro.
Ai le lo le lo la...

Generosa:

465

Pasantín é o correio
o Castrón o secretario
solo lle falta unha albarda
pra ser burros de diario.

Calviño:

Eso pasall' a calquera,
neso non tou mui contento
porque eses son os criados
que teñen no untamiento.
Ai la le la lai lo...

Vaite lavar, queridiña
vai a detrás daquel toxo
lava á cabeza e o pé
miña nena que das noxo.

ID#548



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Generosa:

Unha nena nunha fonte
por unha berza bebiu,
a berza taba rachada,
toda a i-augha lle vertio.

Calviño:

E eu taba alí deitado
na miña vida tal vin-he
xunto ó billote de fonte
caiu na augha por min-he.
Ai le lo le lo la...

Generosa:

Nalghún día as mozas pobres
distinguíanse das ricas,
ahora non se distinguen
que todas son señoritas.

Calviño:

Pa saber se son ou non
eu aí non tou contento
pra saber cal é millor-e
hainas que mirar por dentro.
Ai larelo...

Generosa:

De tanto zapato baixo
e de pulsera na man
e de seghuro na casa
pasando ghana de pan.

Calviño:

Por qu' o pan ta i-algho caro,
eu son mui maruxandeiro
e comer ben o comían
pro da o panadeiro.
Ai la...

Generosa:

E se tuveran sentido
ben deben de comprender-e
que habendo poucos posibles
así non deben facer-e.

Calviño:

Tanto trax' a mais corbata
e a tanto tipo denoso
que ves alghunha rapaza
que a convences cun mozo.
Ai la le lo la lo...

ID#548



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Generosa:

Entra Miolo pa dentro
e tomarás unha copa
has de correr cara à Beo
com' òs cabalos da tropa.

Calviño:

Ese non era mui listo
que cho digh'o en boa i-hora
que se fora espabilado
pois non o botaban fóra.

Ai la la la le lo...

Acabous' o rolo todo
acabous' a risa nosa
qu' acabou o repertorio
ai, amigha Ghanarosa.